

ENTIDADES PARTICIPANTES

(Primeira campaña, primavera 2005)

IES Esparís (Ames)
 CEIP Raiña Fabiola (Compostela)
 CEIP Colexiata do Sar (Compostela)
 IES Xelmirez I (Compostela)
 IES Lamas de Abade (Compostela)
 IES Pontepedriña (Compostela)
 IES Melide
 IES Campo de San alberto (Noia)
 IES Francisco Sanchez (Tui)
 IES Aquis Querquernis (Bande)
 IES Lama das quendas (Chantada)
 IES Chan do Monte (Marín)
 IES Luis Seoane (Pontevedra)
 IES Cosme López (A Rúa)
 IES Xulián Magariños (Negreira)
 Asociación Mahia negra
 ADEGA-Compostela
 ADEGA-Ferrol
 ADENCO
 Asociación Néboa
 Facultade de Ciencias-USC
 Clube Tea de Piragüismo (Mondariz)
 Grupo de voluntarios do Porriño
 AAVV Tapada do Cerquido (Porriño)
 AAVV A carballeira
 AAVV Angoares Mondariz

PROXECTO RÍOS

PRIMEIROS PASOS: A CAMPAÑA DE PRIMAVERA

Esta primavera Adegas botou a andar o Proxecto Ríos, un programa de Educación Ambiental baseado na participación da cidadanía que fomenta o estudo e conservación dos ecosistemas fluviais. A participación concrétese na realización de inspeccións e seguimento de treitos de río escollidos polos/as voluntarios/as. A campaña de outono iniciarase o 15 de setembro e rematará o 1 de novembro.

A coordinación do Proxecto Ríos asesora e facilita aos participantes a documentación e materiais necesarios, e cos informes realizados polos voluntarios/as, nas Campañas de primavera e outono, elaborará un informe anual do estado de saúde dos Ríos galegos.

Na primeira campaña participaron máis de 90 grupos, deles 40 son particulares (amigos e/ou familias), sendo o restante entidades sociais (centros de ensino, asociacións ecoloxistas, universidade, etc), segundo se mostra no cadro.

As entidades de rexime local tamén teñen cabida no Proxecto Ríos, xa que estas poden e deben cumprir unha función pioneira en canto á divulgación e asunción de proxectos que redunden nunha mellora ambiental e polo tanto da calidade de vida da cidadanía. Con este obxectivo, dende o Proxecto Ríos creouse a figura de "Entidade colabora-


dora". Na actualidade asinaron este compromiso o Concello de Miño e O Porriño, e mostraron xa o seu interese os Concellos de Santiago de Compostela, Ames e Carballo.

No mes de novembro realizarase o 1º Encontro anual de Voluntarios/as do Proxecto Ríos. Este espazo pretende ser o lugar de encontro, no que as/os voluntarios/os poidan compartir e divulgar experiencias e traballos realizados, mediante charlas, paneis explicativos, exposicións de fotos, vídeos, etc. Nel presentaráse así mesmo o Informe anual do Estado de saúde dos ríos galegos elaborado cos datos aportados polos/as participantes.

Agradecemos a todas as persoas e entidades participantes o seu interese polo proxecto, e animamos a toda a cidadanía a participar na defensa do noso patrimonio fluvial.

+ información: www.proxectorios.org

Participa e colabora no Proxecto Ríos
Súmate a campaña de outono



Proxecto Ríos
 Praza Camilo Díaz Valiño 15 2ªA
 15706 Santiago de Compostela
 Tfno 650 261283 Fax: 981 570099
info@proxectorios.org
www.proxectorios.org

